



## INTRODUCCIÓN

En **Cha-Ca-Pun** nárrese o destino dun tren moi vello, ao que os trens modernos, presumidos e vaidosos, desprezan e, mesmo, insultan porque anda tan lento que supón un estorbo para eles. O destino do tren vai unido ao do vello maquinista que, tras levar toda a súa vida con el, o xubilán. E o día que o tren deixa de viaxar, despiden tamén aos tres trasgos ananos.




Nesta conmovedora historia faise unha crítica sobre o desprezo que tantas veces se fai ás cousas vellas e do pouco que, ás veces, interesa a opinión e a experiencia das persoas maiores. Tamén se pon de manifesto a inxustiza que pode supoñer os despedimentos dalgúns traballadores tras moitos anos de experiencia laboral.

Aquí podes acceder a información adicional sobre este libro, [Cha-Ca-Pun](#), [Alfredo Gómez Cerdá](#) (autor) e [Paz Rodero](#) (ilustradora). Tamén podes consultar a nosa páxina web [www.macmillan-lij.es](http://www.macmillan-lij.es)

## ANTES DE LER

### ACTIVIDADES COLECTIVAS



-  Os alumnos levarán a clase debuxos, fotografías ou recortes de revistas dun medio de transporte, e explicarán as súas características. Despois, nunha cartolina grande, realizarán un mural cos distintos transportes.
-  O profesor nomeará en voz alta distintos lugares (próximos e afastados). Os alumnos teñen que decidir que medio ou medios de transporte son os máis indicados para viaxar aos devanditos lugares.
-  Os alumnos explicarán algunha viaxe que realizaran e que máis lles gustara. Onde foron, como chegaron, cánto tempo durou a viaxe, con quen foron, que fixeron...



# CHA-CA-PUN



Os alumnos aprenderán a canción:

*Chucu- chucu- chu,  
co barullo do tren.  
Chucu- chucu-chu,  
onde estará o revisor.  
Paren este tren  
que me quero apear  
na próxima estación.*


Despois xogarán ao tren no patio. Todos os nenos colocaranse en fila india. Cada un agarrará pola cintura a quen ten diante. O primeiro fará de locomotora e marcará o percorrido. Tras uns minutos cambiarase o primeiro neno por outro, e así ata que todos sexan locomotoras.






## FIGHA 1.


Colorea de azul os medios de transporte que van polo aire, de verde os que van pola terra e de vermello os que van pola auga.




tren



barca





avión



transatlántico


helicóptero




globo




camión




moto




submarino



avioneta



bicicleta



lancha





## FICHA 2.

Aquí hai moitas palabras xuntas. Sepáraas correctamente.



Ademáis lento, er qotr en que non ía p arteningunha.  
Ademáis lento, er qotr en que non ía p arteningunha.





## FICHA 3.

Substitúe as palabras subliñadas polos seus debuxos e confeccionarás un bonito pictograma.

O tren subía montañas empinadas.

A máquina do tren tiña cheminea, alta e negra.

O tren tiña tres trasgos ananos que cravaban e descravaban os raís.

O maquinista don Zenón era un grande fumador de pipa.

Un día apareceu un gato no tren.

O \_\_\_\_\_ subía \_\_\_\_\_ empinadas.

A máquina do tren tiña \_\_\_\_\_ ,  
alta e negra.

O tren tiña \_\_\_\_\_ ananos que  
cravaban e descravaban os \_\_\_\_\_ .

O maquinista don Zenón era un grande  
fumador de \_\_\_\_\_ .

Un día apareceu un \_\_\_\_\_ no tren.

